

INFORME MENSUAL DE ACTIVIDADES FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (FGE)

Maio 2015

05/05 (Bruxelas). Reunión da Comisión de Recursos Naturais do Comité das Rexións. O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, presentou nesta reunión o documento de traballo para a elaboración do ditame sobre o futuro da acuicultura do que é relator. Os representantes locais e rexionais desta comisión, ademais dun alto funcionario da Comisión Europea e varios representantes de asociacións de produtores e mariscadores, debateron sobre o documento de traballo e achegaron as súas contribucións ao respecto do futuro da acuicultura. A proposta de ditame, que se prevé aprobar no pleno de outubro, pretende identificar os obstáculos que dificultan o bo desenvolvemento deste sector e recomendar así posibles solucións.

07/05/15 (Santiago) Debate de exhibición do Día de Europa. Con motivo do día de Europa, que se celebra o 9 de maio, a FGE, o Club de Debate Compostela e a USC organizaron un debate de exhibición sobre o proxecto europeo. O debate, celebrado no Pazo de Fonseca, estivo protagonizado por estudantes universitarios de distintas disciplinas académicas e pertencentes ao Club de Debate da Universidade. Partindo da cuestión “É esta a Europa que queremos?”, dez estudantes repartidos nos equipos “Schuman” e “Monet” -en conmemoración de dous dos pais fundadores da UE- debateron os pros e contras da Europa actual. Un xurado integrado por profesores

universitarios e expertos en asuntos europeos e comunicación valorou a capacidade de argumentación, a creatividade e a oratoria para escoller ao mellor orador, que foi agasallado cunha placa conmemorativa.

07/05 (Bruxelas) Sesión informativa sobre o Plan Europeo de Investimentos. Os directores das oficinas rexionais en Bruxelas asistiron á Representación Permanente de España ante a UE (REPER) con motivo da sesión informativa que se celebrou sobre o Plan Europeo de Investimentos, tamén coñecido como Plan Juncker. Na reunión participaron relatores da Comisión Europea, o Banco Europeo de Investimento e a propia REPER aportando información dende o punto de vista da institución á que pertencen.

07/05 (Bruxelas) Reunión da Rede de Colaboración entre as Oficinas Rexionais Españolas (CORE) en materia de Comercio e Cooperación ao Desenvolvemento. As oficinas de Comunidades Autónomas en Bruxelas reuníronse na Delegación da Comunidade Valenciana co conselleiro de Comercio da REPER, quen expuxo os progresos acadados na 9ª rolda de negociacións da Asociación Transatlántica para o Comercio e o Investimento (TTIP nas súas siglas en inglés). Estas negociacións abarcaron unha ampla gama de temas con miras a consolidar o traballo realizado ata o momento nos seguintes eidos: acceso ao mercado, aspectos regulamentarios e normas. Porén, o Mecanismo de Resolución de Controversias entre Inversores e Estado segue a ser unha



fonte de disputas para as partes implicadas. Á reunión tamén acudiu a funcionaria do Servicio Europeo de Acción Exterior (SEAE) encargada da xestión do Instrumento de Colaboración para a cooperación con terceiros países co ánimo de presentar as súas características principais.

09/05 (Bruxelas). Participación no Open Doors Day. A FGE participou en representación de Galicia na 24ª edición do *Open Doors Day*, a xornada de portas abertas das institucións europeas que pretende achegar o funcionamento destas aos cidadáns co motivo do día de Europa. O expositor galego estivo situado no quinto piso do CdR xunto a outras 40 rexións e cidades europeas que deron a coñecer as súas características históricas, culturais gastronómicas e turísticas aos visitantes que se achegaron ao CdR. A FGE informou a todo o que visitou o expositor galego sobre as particularidades de Galicia, destacando o interese dos visitantes polo Camiño de Santiago, os centros e vilas históricas e a gastronomía galega.

19/05 Reunión coa Vanguard Initiative
A FGE reuniuse con representantes da *Vanguard Initiative* en Bruxelas debido ao interese da Xunta de Galicia en adherirse a esta rede de rexións coa que se pretende contribuír á transformación industrial europea integrando as estratexias de especialización intelixente en investigación e innovación coa política industrial europea. Iniciada por Flandes e Escocia en 2013, esta rede agrupa xa a 24 rexións que están a desenvolver seis iniciativas piloto en ámbitos punteiros como a bioeconomía, a fabricación avanzada ou a enerxía *off-shore*.

20/05 Reunión sobre a Estratexia Marítima Atlántica. A directora da oficina da FGE en Bruxelas, Ana Ramos, acudiu a esta reunión para seguir os avances da delegación española no marco da Estratexia Marítima Atlántica co resto de

delegacións dos países implicados e coa Dirección Xeral de Mar da Comisión Europea.

20/05/15 (Santiago) Reunión informativa sobre o programa Innterconecta. Co motivo da nova convocatoria FEDER-Innterconecta, a FGE participou nunha sesión informativa sobre as novas oportunidades de financiamento que este programa, cunha dotación orzamentaria de 110 millóns de euros, ofrece ás empresas galegas. O acto tivo lugar no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia e foi organizado pola Xunta de Galicia, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI).

21/05 (Bruxelas) Reunión CORE en materia de I+D+i. En colaboración coa oficina en Bruxelas do CDTI, las oficinas de representación autonómica mantiveron unha reunión cun funcionario da Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea para abordar as sinerxías entre Horizonte 2020 e a programación dos Fondos Estruturais 14-20. Á sesión tamén acudiu un representante de *Clean Sky*, unha asociación público-privada entre a Comisión Europea e a industria aeronáutica europea enmarcada en H2020 que, actualmente, se atopa centrada en tecnoloxías que reduzan os niveis de CO2 e o ruído das aeronaves.

27/05 Reunión do Intergrupo “Camiño de Santiago e itinerarios culturais europeos” do Parlamento Europeo. Presidida polo eurodiputado galego Francisco Millán Mon, esta reunión serviu para presentar un programa de traballo deste grupo que reúne a un nutrido número de eurodiputados interesados en manter vivo e promover o papel do Camiño de Santiago na cultura europea. A FGE colabora asiduamente con este intergrupo do Parlamento Europeo.

27/05 (Bruxelas) Consulta sobre a Folla de Ruta para a Diversidade Lingüística.

A petición da SX de Política Lingüística, a FGE participou nesta reunión de consulta organizada pola Rede Europea para a Promoción da Diversidade Lingüística (NPLD, polas súas siglas en inglés) da que forma parte a Xunta de Galicia. A Folla de Ruta para a Diversidade Lingüística que vén de publicar pretende asegurar que as linguas faladas en Europa, xa sexan de ámbito internacional, nacional, rexional, minoritarias, ameazadas ou linguas da inmigración, se consideren valores comúns que precisan de apoio. Esta folla de ruta reflicte a necesidade de que na UE existan políticas ben planificadas para fortalecer as linguas, de forma que contribúan á cohesión social e o crecemento económico. Tras a fase de consulta, está previsto o lanzamento oficial do documento nunha conferencia de alto nivel que se celebrará o vindeiro outubro en Bruselas.

Outras actividades

- **Colaboración coa revista ECO** para a publicación do artigo “A nova axenda europea de migración”.
- Actualización diaria e xestión das redes sociais da Fundación (Facebook e Twitter), con información corporativa da FGE, novas e oportunidades de traballo e prácticas para mozos na UE.
- Actualización diaria do apartado de financiación comunitaria no portal web: publicación de **10 convocatorias** para a presentación de propostas de proxectos europeos.
- Resolución dunha **consulta** sobre as oposicións á Unión Europea.
- Redacción e publicación de **16 noticias** sobre as actividades da Fundación e sobre a Unión Europea no portal web da FGE.
- Asistencia a diferentes **reunións, seminarios e conferencias en Bruxelas** sobre o desenvolvemento de políticas europeas que afectan a Galicia:
 - 04/05 Sesión informativa sobre o programa Erasmus para Emprendedores. Comisión Europea.
 - 05/05 Seminario sobre as infraestruturas ambientais. Comité Económico e Social.
 - 06/05 Conferencia “Tecnoloxías clave para o crecemento rexional: sinerxías entre Horizonte 2020 e Fondos EIE”. Comité das Rexións.
 - 06 e 07/05. Foro sobre Protección Civil. Comisión Europea.
 - 27/05 Sesión informativa: as cidades e rexións cara as negociacións climáticas de París. Representación de Noruega ante a UE.

Máis información en <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>